

WANGARI MAATHAI

Wangari Muta Maathai nace en Nyeri (Kenia) en 1940. Filla de campesiños da etnia *kikuyu*, a súa existencia parecía abocada a traballar nos campos, recoller leña e carretar auga; mais Wangari tivo sorte: puido estudar. Iso non só cambiou a súa vida, senón tamén a de milleiros de mulleres africanas.

Despois de rematar o colexio, e grazas a unha bolsa de estudos, viaxou a EEUU, onde cursou un Grao en Bioloxía e un Mestrado en Ciencias Biolóxicas. Rematado o Mestrado volve a Kenia e comezou a traballar como axudante de investigación no Departamento de Anatomía Veterinaria baixo a supervisión do profesor Reinold Hofman, quen animou a Wangari a marchar a Alemaña para continuar os seus estudos. Pasou un tempo nas universidades de Giessen e Munich, e logo volveu a Nairobi, onde obtivo un Doutoramento en Anatomía Veterinaria. Foi a primeira muller de África Central e Oriental en obter un doutoramento, e a primeira muller Xefa do Departamento de Anatomía Veterinaria e Profesora Asociada na Universidade de Nairobi.

Cando volveu a Kenia despois dos seus anos de estudo, decatouse de que moitos problemas do país e, polo tanto das súas mulleres, radicaban na degradación do medioambiente. Daquela, Wangari uniu as súas dúas loitas: os dereitos das mulleres e o ecoloxismo.

Wangari fundou o Movemento Cinturón Verde en 1977. Alentou ás mulleres a ir ao bosque recoller sementes de árbores autóctonas para despois crear invernadoiros, un traballo polo que recibían un soldo. Posteriormente esas sementes utilizábanse para plantar árbores. Así melloraba a situación das mulleres e loitábase contra a deforestación, a erosión e a seca. O movemento foi clave para avanzar na emancipación e o empoderamento das mulleres campesiñas.

Wangari Maathai recibiu no ano 2004 o Premio Nobel da Paz pola súa contribución ao desenvolvemento sostible, á democracia e á paz. O premio visibilizou o Movemento Cinturón Verde, que seguiu expandíndose e plantando árbores por todo o continente africano.

Wangari faleceu no ano 2011, mais o seu legado permanece, con máis de corenta millóns de árbores plantadas en toda África e máis de tres mil viveiros atendidos por trinta e cinco mil mulleres.

Pablo Ulla Couñago

4º ESO B